

CRÓNICA LEGISLATIVA DE GALICIA

Primeiro semestre de 2022

“Sen proxecto de normalización a Xunta limitase a inaugurar actos e pagar estudos”

Alba Nogueira López*

Resumo

Aínda que a lexislatura xa debería comezar a rodar e as estruturas administrativas dedicadas á lingua mantivéronse intactas tanto despois das eleccións de 2020, coma despois do cambio de presidente da Xunta en 2021, o certo é que a experiencia acumulada non leva a estar en disposición de impulsar novas iniciativas legislativas ou de planificación para revertir o debalo de falantes da lingua galega. Neste período non houbo ningunha lei, decreto ou plan aprobado con relevancia para a normalización lingüística. As poucas iniciativas que se poden salientar saen do seo doutras institucións e a Xunta préstalles o seu apoio económico.

O [labor](#) da Secretaría Xeral de Política Lingüística limitase a unha incesante participación en eventos culturais (premios, xornadas, actos literarios...) cun fio condutor non sempre conectado coa lingua.

Palabras chave: inacción, estudos, intelixencia artificial, neofalantes, redución orzamentaria bibliotecas.

LEGISLATIVE REPORTS ON GALICIA

First half of 2022

“As far as language normalisation is concerned, the Xunta de Galicia limits its involvement to opening events and funding studies”

Abstract

Although the legislature should already have got down to work and the language-related administrative structures have remained intact after the 2020 elections and the change in the autonomous community's president in 2021, the fact of the matter is that past events mean that it is in no condition to promote new legislative initiatives or plans to reverse the decline in the number of speakers of the Galician language. This period saw the passing of no significant laws, decrees or plans on language normalisation. The few initiatives worthy of any note came from other institutions, for whom the Xunta de Galicia provides financial support. The work of the Secretariat General for Language Policy would appear to consist solely of its never-ending participation in cultural events (awards, conferences, literary symposia and the like) whose themes are not always language-related.

Keywords: inaction; studies; artificial intelligence; new speakers; budget reductions libraries.

* Alba Nogueira López, catedrática de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela. alba.nogueira@usc.es

Cita recomendada: Nogueira López, Alba. (2022). Crónica legislativa de Galicia. Primeiro semestre de 2022. “Sen proxecto de normalización a Xunta limitase a inaugurar actos e pagar estudos”. *Revista de Llingua i Dret, Journal of Language and Law*, 78, 299-302, <https://doi.org/10.2436/rld.i78.2022.3864>

Sumario

1 Introducción

2 Neofalantes

3 Nós: intelixencia artificial ao servizo da lingua galega

4 Ideas para un plurilingüismo dende o galego no concello de Ames

5 Continuidade nas convocatorias de axuda rutineiras da Xunta de Galicia e minoración dos criterios favorábeis ao galego

1 Introducción

Aínda que a lexislatura xa debería comezar a rodar e as estruturas administrativas dedicadas á lingua mantivéronse intactas tanto despois das eleccións de 2020, coma despois do cambio de presidente da Xunta en 2021, o certo é que a experiencia acumulada non leva estar en disposición de impulsar novas iniciativas lexislativas ou de planificación para revertir o devalo de falantes da lingua galega. Neste período non houbo ningunha lei, decreto ou plan aprobado con relevancia para a normalización lingüística. As poucas iniciativas que se poden salientar saen do seo doutras institucións e a Xunta préstalles o seu apoio económico.

O [labor](#) da Secretaría Xeral de Política limítase a unha incesante participación en eventos culturais (premios, xornadas, actos literarios...) cun fío condutor non sempre conectado coa lingua.

2 Neofalantes

A incorporación de novos falantes á lingua galega é un xeito de corrixir a ruptura da transmisión interxeracional que se produce en Galicia. Os neofalantes precisan as veces de apoios e referentes para facer esa transición a utilizar de acotío o galego.

Un proxecto dixital de investigación promovido por un grupo de investigación da Universidade de Santiago de Compostela de tres anos de duración quere avanzar no estudo do neofalantismo. O apoio económico da Xunta acompaña este estudo consistente na posta en marcha dunha [web](#) que pretende servir de plataforma de relación da comunidade neofalante en galego. O portal conta con varias seccións: sobre o mundo neofalante, sobre a actualidade da lingua galega, sobre investigacións lingüísticas, sobre polémicas en redes relacionadas co galego, unha sección de vídeos e, finalmente, unha de opinión e busca ter presenza activa nas redes sociais, singularmente nas que máis usa a mocidade. Polo momento o número de seguidores nas diversas redes sociais é demasiado baixo como para dicir que sexa un proxecto que vai ter un impacto significativo.

O proxecto conta con dúas fases máis que incluírían unha ferramenta tecnolóxica interactiva que quere ser unha rede social entre a comunidade neofalante favorecendo a creación de comunidades virtuais de todo o mundo que empreguen o galego. A terceira fase en 2023 quere incluír unha área empresarial específica destinada a conectar a responsables de empresas ou persoas interesadas en crear negocios e a servir de enlace entre estes, en distintos países, especialmente no mundo lusófono, a través da lingua galega.

3 Nós: intelixencia artificial ao servizo da lingua galega

O outro proxecto estrela do goberno en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela é o proxecto [Nós](#). Aproveitando as capacidades en materia de intelixencia artificial existentes na USC a Xunta financia un proxecto para desenvolver ferramentas de alta calidade para o procesamento automático do galego, tanto oral como escrito. A idea é desenvolver ferramentas de licenza libre que axuden a: síntese de voz e recoñecemento da fala; sistemas de diálogo; tradución automática; corrección e avaliación lingüística automática; xeración de textos automáticos, extracción de información, e resúmenes automáticos; verificación de información e minaría de opinións.

Sen dúbida é de interese que o galego este presente nun ámbito de clara proxección de futuro que, ademais, pode facilitar moito o posicionamento de linguas con menos falantes con ferramentas que minoren argumentos sobre o custe de atención/información/tramitación de procedementos na súa lingua.

4 Ideas para un plurilingüismo dende o galego no concello de Ames

A Real Academia Galega decidiu hai un tempo facer un estudo piloto nun concello mediano do entorno da cidade de Santiago cun nivel de natalidade por enriba da media e unha elevada presenza de poboación inmigrante sobre o uso do galego e o plurilingüismo. A idea era, partindo dun entorno de grande diversidade e cunha poboación escolar grande, facer propostas para abordar a planificación lingüística, singularmente nos centros educativos. Como resultado publicouse unha [guía](#) que foi co-financiada pola Xunta de Galicia no que se recollen algunhas propostas xerais para abordar este tipo de contextos.

5 Continuidade nas convocatorias de axuda rutineiras da Xunta de Galicia e minoración dos criterios favorábeis ao galego

Sen grandes mudanzas a Secretaría Xeral de Política Lingüística sigue sacando as [convocatorias de axudas](#) que realiza desde hai anos (entes locais, libros e materiais escolar...). Moitas das actividades que agora se financian entran dentro dun [fondo](#) específico para actividades culturais ligadas ao Xacobeo cunha relación coa promoción da lingua moitas veces moi tenue.

Hai que sinalar, porén, que na liña de axudas ás bibliotecas que tiña dúas liñas unha só para libros en galego e outra para libro en xeral reduciuse o orzamento da liña para libro en galego e na liña xeral modificáronse os condicionados de modo que o libro en galego pode non ter ningunha presenza. Canto menos o 50% ten que ser fondo en castelán e dentro do 50% restante pode destinarse a libro en galego ou castelán (sen o mínimo do 25% en galego que existía en convocatorias anteriores) e ata un 10% pode dedicarse a linguas estranxeiras ou outras linguas oficiais autonómicas.